

***OS IRMÁNS CORAZÓN DE LEÓN: NOMBRES PROPIOS ADAPTADOS
OU MANIPULADOS. HIBRIDACIÓN ONOMÁSTICA***

Liliana Valado Fernández

Prefacio

A primeira intención desta comunicación foi escribir algo sobre a tradución dos nomes propios (NP) dunha obra de literatura infantil e xuvenil sueca (LIXS). No momento de dispoñernos a realizar esta análise, cremos preciso establecer a comparación entre o texto orixinal (TO) sueco e mailo texto meta (TM) castelán —xa que o TO aínda non foi traducido ó galego. Establecemos, polo tanto, as semellanzas e diferenzas entre os NP que aparecen en ámbolos dous textos atendendo ás estratexias de transvase onomástico empregadas cara ó castelán.

Xorden unha serie de problemas de tradución no TM castelán. Por unha parte, observámo-las dificultades que atopa o tradutor cando ten que transvasa-los antropónimos e topónimos da obra ó castelán. Por outra parte, consideramos preciso unha proposta de tradución ó galego, que pretenda mellora-las opcións amosadas polo tradutor ó castelán.

A observación da tradución en Galicia en relación a Suecia presentámola xustificada e documentada. Xustificada xa que é un campo de investigación moi amplio. Documentada porque tanto Galicia coma Suecia son uns lugares caracterizados pola heteroxeneidade das súas culturas.

Os fundamentos que rexen a heteroxeneidade sueco-galega baseáñse na Teoría do Polisistema. Esta teoría apareceu a principios do anos setenta no traballo de Even-Zohar e foi desenvolvida posteriormente por Gideon Toury, Zohar Shavit, Shelly Yahalon e outros membros do *Porter Institute for Poetics and Semiotics* da Universidade de Tel Aviv.

Itamar Even-Zohar, da Universidade de Tel Aviv, deseñou unha teoría para lidar coa heteroxeneidade da cultura dentro da sociedade, a posibilidade de cambio e os seus mecanismos de goberno. A heteroxeneidade está presente en tódalas sociedades pero:

Liliana Valado Fernández

The acuteness of heterogeneity in cultures is perhaps more «palpable», as it were, in such cases as when a certain society is bi- or multilingual (a state that used to be common in most European communities up to recent times) (1990:12, Even-Zohar).

O estuda-la heteroxeneidade, podemos ver que «the new things» non caen do ceo ou simplemente suceden por casualidade. Esta teoría emerxeu no traballo de Even-Zohar para solucionar certos problemas moi específicos relacionados coa tradución.

Suxire que hai algunhas leis das interferencias literarias que suceden entre os sistemas que por algunha razón mantienen algún tipo de conexión. Se un sistema é independente, é desenvolvido máis ou menos dentro del mesmo. Non obstante, hai algúns sistemas literarios que poden ser considerados dependentes con respecto a outra literatura.

Así, o sistema literario galego que non é un sistema totalmente independente será brevemente revisado neste traballo. A dependencia do sistema galego débese ó feito de que é un sistema literario feble que coexiste co sistema literario castelán. O sistema literario galego é un sistema periférico dentro dun polisistema en que o sistema literario castelán está no centro.

O feito de que ó sistema literario galego periférico chegue un texto do sistema literario sueco orixina unha situación de coexistencia que vai estar supeditada polo sistema literario castelán central.

O método de Itamar Even-Zohar ofrece unha definición convincente de como a literatura é un medio que explica as relacións entre os sistemas literarios e a importancia da tradución nesas relacións.

A través da análise tradutolóxica das unidades do TM castelán e do TO sueco os NP establecemos equivalencias con respecto ó galego que reforzan a conexión entre este sistema e o sueco. As estratexias empregadas nas propostas de tradución amosáran como a través desta se reforza a identidade galega. Este exemplo pode engadirse ó feito de que a tradución foi unha vía para actualiza-lo sistema.

Introdución

Partimos do feito evidente da fama que posúe a autora de LIXS Astrid Lindgren fóra do Estado español e da ausencia demostrable de obras súas en tradución tanto en castelán coma nas lingüas vernáculas do estado español.

Centrámonos na análise realizada do libro *Los hermanos Corazón de León* –obra traducida do sueco ó castelán en 1986. Queda claramente de manifesto a incoherencia na tradución de dous aspectos relevantes no TM. Destacámolo-la perda do «diálogo» (1993:47-82, Oittinen) entre a ilustración (ver anexo) e o texto representado debido á incoherencia existente na tradución dos NP ó castelán. Presentámolo-la revisión do TM atendendo ó criterio que analiza a recepción polo neno-lector a quen vai destinado o conto.

**Os Irmáns Corazón de León: *nombres propios adaptados ou manipulados.*
Hibridación onomástica**

Cómpre mencionar que o aspecto formal do texto é impecable e predispón o neno-lector a agarda-la mesma calidade no aspecto cognitivo. Pero o contido cognitivo do texto presenta incoherencias que causan a perda de funcionalidade textual. E isto é precisamente o que orixina unha mala tradución.

Análise do polisistema implicado

Primeiro condicionamento: O primeiro condicionamento que xorde na fase de tradución é o transvase dun texto nunha posición central –o sueco– a outra lingua dominante –o castelán-. Atendendo á teoría polisistémica, o TO e o TM serían dous elementos integradores dun mesmo polisistema, no que o TO estaría no centro e o TM na periferia. Cabe, así mesmo, localiza-lo xénero infantil ó que pertence esta obra dentro deste sistema semiótico. A LIX permaneceu relegada ós xéneros marxianos por ser considerada pouco seria no tocante á temática e ós receptores a quen vai dirixida: os nenos.

Con todo, o incremento de traducións deste xénero non vai condiciona-lo traballo do tradutor nesta obra, xa que actualmente a LIX ocupa un lugar de prestixio, situación que lle outorga a producción tradutiva tan abundante que se está a realizar.

A subordinación vén dada pola presenza no TO de elementos propios da cultura orixe. Retomando a teoría do polisistema, entendemos que o tradutor vai ter que adoptar unha «norma de tradución» (1995, Toury) para trasladar estes elementos que terán unha repercusión no sistema de chegada. Isto é:

translations are facts of target cultures; on occasion facts of a special status, sometimes even constituting identifiable (sub)systems of their own, but of the target culture in any event (1995, Toury).

O TM non constitúe un modelo que represente unha posición de indentificación entre as persoas da cultura receptora –«persons-in-culture»– (1995:53-55, Toury), porque o tradutor se subscribe ás normas propias do TO. A través destas, adopta as normas da lingua e da cultura orixinal. Esta tendencia a miúdo cualificouse coma os pasos a seguir para obter unha tradución adecuada:

An adequate translation is a translation which realizes in the target language the textual relationships of a source text with no breach of its own [basic] linguistic system (1975:43, Even-Zohar).

Pero esta tendencia conleva certas incompatibilidades coas normas e tendencias propias da cultura receptora, manifestacións que se poden atribuír e «palpar» no TM. Xa que:

Adherence to source norms determines a translation's adequacy as

Liliana Valado Fernández

compared to the source text, subscription to norms originating in the target culture determines its acceptability (1995:56-57, Toury).

No suposto aquí creado a tradución ó galego o TO sueco pasarla a actuar dentro do sistema receptor galego a través da tradución ó galego. A posición que vai ocupá-lo TM dentro do sistema literario depende da posición periférica que ocupa o sistema receptor galego dentro do polisistema ó que pertence no que o sistema castelán ocupa o centro.

A principal diferenza do TO fronte ó TM radica na posición que cada un ten dentro do sistema orixe e do sistema meta. O TO en sueco ocupa unha posición central dentro do seu sistema orixe mentres que o TM en galego –de existir– pasarla a ocupar unha posición periférica determinada pola súa propia posición dentro do polisistema que comparte co castelán. Ademais, a posición que ocupe o TO tamén vai depender da época na que se faga a tradución.

Segundo impedimento: o TM castelán supedita a súa inclusión no repertorio galego

O cuestionamento da identidade galega provocou que se aludise á lingua como elemento identificativo. E a través desta, creouse un repertorio cultural. Na creación deste repertorio consideráronse dous procesos: «invención» e «importación» (1997:3, Even-Zohar).

O sistema literario galego como xa apuntamos pode considerarse dependente con respecto á literatura castelá en gran medida. Esta dependencia orixínase porque é un sistema literario feble en comparación co sistema literario castelán.

Esta explicación é aplicable ó feito de que non se traducise o TO sueco ó galego. A inclusión deste texto de LIX tan prestixioso conformaríase un elemento cunhas características temáticas que achegaría un aspecto ausente na cultura galega. A aplicación da non inclusión deste texto vén dada polo feito de que a tradución ó castelán existente é desaxeitada como demostraremos a continuación. Se temos en conta que a inclusión dunha tradución no sistema literario galego está supeditada polo que impón o sistema literario castelán, a explicación é evidente. A falta de prestixio da tradución ó castelán tómase como modelo que influencia a non tradución do texto ó galego.

Análise do texto

O «diálogo» entre a ilustración e o texto

O título deste apartado toma o termo «diálogo» empregado por Oittinen que fai referencia á sincronía que debe existir entre as imaxes que ilustran o texto e a súa tradución. No momento de embarcarse na tradución dun libro para nenos é preciso amosar especial atención a moitas referencias presentes no TO que poden ter relación cunha característica dos debuxos que constitúen a ilustración. A asincronía ilus-

Os Irmáns Corazón de León: *nombres propios adaptados ou manipulados.*
Hibridación onomástica

tración-texto pode causar confusión no neno-leitor que non asimila a incoherencia na tradución.

Esta teoría aparece apoiada por tradutores que opinan que non se pode facer unha tradución dun texto pertencente á literatura infantil sen cotexalo coas ilustracións, e se estas son en cor, é preciso consegui-la edición orixinal do texto para evitar equívocos no caso de que o encargo de tradución sexa entregado sobre fotocopia en branco e negro (2001, Pascua).

Hai constancia de que Lindgren seguía de preto o proceso de tradución e de ilustración da súa obra:

In 1969 she even contributed an article to *Babel* on the subject, where she takes a definite stand on the English and French versions of *Pippi Longstocking*, and the stories situated in *Bullerby (Noisy Village)*. She both praises and scolds the translators –she sees to it that her books are understood «in a proper way», that she herself, as author, is seen and understood as she wants to be seen and understood (1993:93, Oittinen).

Noutras palabras, Lindgren quere crear e mante-la imaxe que ten de si mesma e da súa obra, unha imaxe de autoría propia. A conservación da esencialidade presente na obra de Lindgren que se reflicte en tódalas ilustracións orixinais feitas pola súa «ilustradora de fama mundial» Ilon Wikland (1992:267, White) pérde-se na versión proposta posteriormente ó realizar variacións en desacordo coa imaxe transmitida desde o TO.

Os NP

Queda claramente de manifesto a incoherencia dos NP do TM, que contrasta co uso deliberado deste recurso estilístico no TO. Os NP que no TO teñen un significado referencial dentro do sistema emisor –«defíticos» (1988:10-13, Hermans)– en oposición ós NP desprovistos de connotacións concretas, empréganse coma instrumentos caracterizadores da LIX á que pertence *Los hermanos Corazón de León* e polo tanto, supoñen elementos de pleno significado dentro do texto. Así, os nomes están dotados dunha carga semántica que achega o neno-leitor ó texto. É precisamente esta carga semántica tan enriquecedora a que lle causa problemas ó tradutor ó castelán, non só cando decide pasar estes nomes á lingua de chegada, senón tamén porque na maioría dos casos este procedemento resulta incoherente e ó mesmo tempo, tecnicamente desaxentado. No TO, Astrid Lindgren resalta a relevancia na designación dos NP. Isto plásmase no texto a través da diferenciación realizada entre os nomes que tifian unha función denominativa –«expresivos» (1988:13, Hermans)– dentro do mundo imaxinario do país de nunca xamais que describe –*Nangijala*– e polo outro lado aqueles –menores en número– que denominan os personaxes do mundo real –«convencionais» (1988:13, Hermans). A autora determina esta división

Liliana Valado Fernández

en función dunha antítese entre os personaxes imaxinarios que responden a deficticos expresivos procedentes da mitoloxía nórdica. Non obstante, emprega deficticos convencionais escandinavos para os que coinciden co mundo real do TO. Prescindimos da clasificación tradicional entre antropónimos e topónimos xa que non revela ser evidente no proceso tradutolóxico no que se solapan as categorías. Cabe resalta-la clasificación presentada que responde ós parámetros descontextualizados empregados por Hermans e citados por Franco. Por outra parte, utilizamos a denominación de NP expresivo coa salvidade de que engloba non só «los que tienden a incluir en su formación palabras pertenecientes a categorías con una carga semántica definida» (2000, Franco), senón que atendendo a unha perspectiva textual, –Hermans e Franco clasifican os NP sen contextualización– determinamos coma relevante o grao de semantización contextualizado.

No TM pérdease esta diferenciación do TO entre mundo imaxinario/nomes mitolóxicos e mundo real/nomes actuais escandinavos, xa que non se seleccionan os nomes traducidos do mesmo modo ca no TO. Estamos ante unha perda semántica e defictica relevante para realizar unha lectura transparente equiparable á do TO. O noso marco metodolóxico atende á conservación da carga cultural tan relevante no TO.

A análise dos nomes atenderá á división entre deficticos expresivos e convencionais, nos que seleccionamos –entre un total de 30– os más representativos en consonancia coa escala de estratexias. Exemplificarémo-lo a posteriori coas entradas de 1. ata 7., onde tamén aparecerán os comentarios concernentes á análise citada; e no caso de que así o consideremos necesario, faremos tamén unha proposta de tradución ó galego.

Sinopse dos NP e as estratexias aplicadas desde unha perspectiva cultural

MUNDO REAL: un barrio na Terra:

	TM (castelán)	TO	TT	estratexia
a. 1.	Sigrid León	<i>Sigrid Lejon</i>	<u>Sigrida León</u>	<u>adaptación terminolóxica</u>
a. 2.	Alex León	<i>Axel Lejon</i>	<u>Absalón León</u>	<u>a. 1. bis</u>
a. 3.	Juan León	<i>Jonatan Lejon</i>	<u>Ionatán L.</u>	<u>galeguización ortográfica</u>
a. 4.	Carlos León	<i>Karl Lejon</i>	<u>Karlos León</u>	<u>repetición terminolóxica</u>
a. 5.	Greta Anderson	<i>Greta Andersson</i>	<u>Greta Andersson</u>	<u>repetición</u>
a. 6.	Ricardo Cor. de L.	<i>Rikard Lejonhjärta</i>	<u>Ricardo Corazón de León</u>	<u>a. 1. bis</u>

Os Irmáns Corazón de León: *nombres propios adaptados ou manipulados.*
Hibridación onomástica

MUNDO DE FANTASÍA: Nangijala (mundo épico onde se voa ó morrer):

	TM	TO	TT	estratexia
b. 1.	Juan Cor. de León	<i>Jonatan Lejonhjärta</i>	<u>Ionatán C. de L.</u>	a. 3. bis
b. 2.	Flecha-Alas	<i>Grim-Fjalar</i>	<u>Grim-Píolar</u>	<u>adaptación ortográfica</u>
b. 3.	Carlos Cor. de L.	<i>Karl Lejonhjärta</i>	<u>Karlos Cor. de L.</u>	a. 4. bis
b. 4.	Sofía	<i>Sofia</i>	<u>Sofía</u>	b. 2. bis
b. 5.	Humberto	<i>Hubert</i>	<u>Huberto</u>	a. 1. bis
b. 6.	Violanta	<i>Violanta</i>	<u>Violante</u>	a. 1. bis
b. 7.	Paloma	<i>Paloma</i>	<u>Comba</u>	<u>galeguización terminolóxica</u>
b. 8.	Blanca	<i>Bianca</i>	<u>Branka</u>	a.3. bis
b. 9.	Nangijala	<i>Nangijala</i>	<u>Nanguillala</u>	a. 3. bis
b. 10.	Karmansaka	<i>Karmanjaka</i>	<u>Karmanllaka</u>	a. 3. bis
b. 11.	Nangilima	<i>Nangilima</i>	<u>Nanguilima</u>	a. 3. bis
b. 12	Gallet(a), -ita	<i>(lilla) Skorpa</i>	<u>meu Bolíño</u>	<u>galeguización ideolóxica</u>

MUNDO DE FANTASÍA INIMIGO: Karmanjaka (reino inimigo de Tengil):

	TM	TO	TT	estratexia
c. 1.	Orvar	<i>Orvar</i>	<u>Órvar</u>	b. 2. bis
c. 2.	Matías	<i>Mattias</i>	<u>Macías</u>	a. 3. bis
c. 3.	Tengil	<i>Tengil</i>	<u>Ténguil</u>	b. 2. bis
c. 4.	Veder	<i>Veder</i>	<u>Véder</u>	b. 2. bis
c. 5.	Kader	<i>Kader</i>	<u>Káder</u>	b. 2. bis
c. 6.	Katla	<i>Katla</i>	<u>Katla</u>	a. 5. bis
c. 7.	Josi	<i>Josi</i>	<u>Llusi</u>	a. 3. bis
c. 8.	Perk	<i>Perk</i>	<u>Perk</u>	a. 5. bis
c. 9.	Dodik	<i>Dodik</i>	<u>Dódik</u>	b. 2. bis
c. 10.	Piuke	<i>Pjuke</i>	<u>Piuke</u>	b. 2. bis
c. 11.	Karma	<i>Karm</i>	<u>Karm</u>	a. 5. bis

Liliana Valado Fernández

Sinopse dos NP segundo as estratexias diferenciadoras

1. Alex

O problema de tradución que detectamos é a adaptación etimolóxica arbitraria do TO, xa que o orixinal «Axel» é un NP que non corresponde a un neno sueco. Etimoloxicamente, atopamos que este nome de orixe nórdico-escandinava –en concordancia co TO– provén de «Absalón» de antiga procedencia hebrea.

Propoñemos «Absalón» como resposta á adaptación terminolóxica aplicada para non incorrer na inventiva tradutolóxica –inxustificable neste caso– profesada polo tradutor do TM, que consideramos que inverte arbitrariamente a última sílaba do antropónimo. A adaptación mantén o carácter case obsoleto deste antropónimo e plasma á perfección o personaxe designado no TO –o pai dos nenos, de máis idade que se sitúa nunha época con tendencias onomásticas propias deste tipo de antropónimos.

2. Carlos

O problema de tradución xorde pola naturalización excesiva do TM, esta grafía contemporánea anula as referencias nórdico-escandinavas asignadas no TO.

A proposta de tradución –en contraste co caso anterior– defende a inventiva tradutolóxica en función de incluir un elemento diferenciador que non borre a orixe nórdico-escandinava do antropónimo. A estratexia de repetición terminolóxica emplegada en «Karlos» engloba as de adaptación terminolóxica e de repetición. Esta última reproduce a grafía do TO na medida na que mantémo-las unidades grafolóxicas «Karl-», mentres que a adaptación terminolóxica substitúe o significante habitual en galego «(C)arlos». A grafía non normativa está xustificada en función da intención exotizante buscada no TM.

3. Gallet(a), -ita

O problema de tradución causado polo descoñecemento do significado exacto do hipocorístico sueco orixina a perda das connotacións de cariño e compaixón ante a debilidade que caracterizan o personaxe –o enfermizo irmán pequeno.

Clasificamos «dilla Skorpa» coma un NP novidoso que ten un diminutivo «dilla» que actúa con valor minorativo –coma «little» en inglés. «Skorpa» correspón dese cun «pan ou bolo sueco», que consideramos que non garda relación con «Gallet(a), -ita» debido á incoherencia semántica e connotativa con respecto ó TO.

Na proposta de tradución aplicámolo-la galeguización ideolóxica en función da recuperación connotativa do TO. Esta estratexia engloba na galeguización a substución do NP en sueco polo referente galego específico da cultura termo e no cambio ideolóxico, a elección dunha versión distinta ó orixinal pero que encaixa mellor cos valores sociais da cultura galega.

**Os Irmáns Corazón de León: *nomes propios adaptados ou manipulados.*
Hibridación onomástica**

Optamos por «(o meu) Bolíño» co que se consegue mante-la mesma función denominativa e semántica, xa que as connotacións que emanen coinciden coas do TO.

4. Juan

O problema de tradución activase coa naturalización do NP que de novo anula as connotacións exóticas asignadas polo orixinal «Jonatan» que o clasificamos coma un NP expresivo e dotado de tradución prefixada. A categoría de dotado conflrella a existencia de dous correspondentes meta que son «Juan» e «Jonatan» (1995:70, Albaigés).

A nosa galeguización ortográfica orixina coma proposta «Ionatán» que inclúe as mesmas referencias cō TO na medida na que a estratexia comprende a adaptación ortográfica e a naturalización. Coa primeira, transcribimos e emulámolo-las unidades fonolóxicas do orixinal e coa segunda, substituímo-lo significante sueco por «Ionatán» que consegue ser aceptado culturalmente polos receptores meta sen neutraliza-lo exotismo do referente orixinal.

5. Paloma

O problema de tradución do antropónimo no TM aparece na recepción, xa que non funciona coma un nome exótico. A repetición tórnase domesticadora no TM e anula o recurso arcaizante e estranjeirizante buscado deliberadamente pola autora no TO a través do mesmo desfctico, que si emana connotacións exóticas na cultura de saída.

Propofíemo-la galeguización terminolóxica en función da recuperación de termos diferenciadores que se adapten por completo a esta lingua coma estratexia diferenciadora e de defensa ante o referente común a galego e castelán «Paloma». En consecuencia, obtemos «Comba» que se asocia etimoloxicamente cun ente cultural antigo a semellanza do TO.

6. Greta Anderson

O problema de tradución con este NP (antropónimo+apelido) aparece reflectido na adaptación realizada do apellido orixinal «Andersson». A estratexia resulta incoherente xa que a eliminación dun «-s-» non orixina un cambio funcional na tradución: o leve cambio de grafía do TM non é relevante porque non supón unha mellora grafolóxica que facilite a recepción da grafía orixinal coma un segmento foráneo.

O NP orixinal é un nome a medida creado deliberadamente para a personaxe da profesora dos protagonistas. Consta dun NP moderno unido a un apellido moi común que coa función de profesora do mundo real dos adultos rompe co mundo de fantasia creado polos nenos-protagonistas.

Consecuentemente e atendendo á repetición propofíemos «Greta Andersson».

Liliana Valado Fernández

7. Flecha-Alas

O problema de tradución xerao o tradutor ó neutralizar este par de NP novidosos que designan a parella de cabalos do TM. Consideramos desaxeitada esta estratexia debido a que a carga de exotismo do NP diminúe de forma notable.

En función da conservación das alusións fantásticas, decidimos simplemente adaptar ortograficamente os NP porque a súa etimoloxía non se corresponde con ningún referente na cultura galega. Resolvemos «Grim» e «Fíolar» coma propostas adaptadas.

As ilustracións

A importancia das ilustracións presentadas nos libros de Lindgren plásmase na opinión da propia autora sobre a relevancia de que exista sincronía entre a ilustración e o texto e ademais, na fama da ilustradora da súa obra, Wikland, a nivel mundial. Wikland atópase entre os sete principais ilustradores infantís traducidos exitosamente en todo o mundo (1992:267, White).

Cunhas razóns tan significativas non se podería deixar de facer mención a este aspecto externo pero relevante para a tradución na obra de Lindgren. A temática das ilustracións en clara conexión coas connotacións mitolóxicas dos NP pódese comprobar ó observalo anexo no que incluímo-las ilustracións.

Conclusións

Propoñemos unha versión en galego dos NP que responde a unhas estratexias funcionais de tradución que resultarán na total aceptación dentro da lingua galega. Neste caso, queremos evitar unha autocensura tradutolóxica que consideramos que anula a inventiva e xenialidade que amosa Lindgren ó elixi-los nomes dos seus protagonistas e dos lugares onde se moven. Emilia Pardo Bazán xa exemplificou esta cuestión cando se referiu a «la tradición de las fábulas nórdicas con sus elfos y hadas, que podrían transvasarse a la cultura gallega mediante las representaciones de "meigas" y "trasnos"» (citada por Pascua 2001).

Observámolo a relevancia que supón o concepto empregado por Lévi-Strauss de «hibridación social» (2000, Ocampo) para consegui-lo mesmo efecto diferenciador dos NP en consonancia coas ilustracións no TM.

Concluímos con que as estratexias empregadas nos NP conseguén mante-lo efecto diferenciador entre os dous mundos presentados na obra. A non aplicabilidade desta técnica de «hibridación» sería un dos motivos polos que o TM castelán non obtivo o mesmo prestixio có conseguido polo TO sueco no seu sistema literario orixinal.

Os Irmáns Corazón de León: *nomes propios adaptados ou manipulados.*
Hibridación onomástica

BIBLIOGRAFÍA

- Albaigès, Josep M. (1995): *Enciclopedia de los nombres propios*. Barcelona: Planeta.
- Even-Zohar, I. (1990): «Polysystem Theory». *Poetics Today* II: 1; 9-85.
- Franco Aixelá, J. (2000): *La traducción condicionada de los nombres propios*. Salamanca: Ediciones Almar.
- Hermans, T. (1988): «On Translating Proper Names» en *Modern Dutch Studies*, p. 11-28. Londres: Athlone.
- Lindgren, A. (1973): *Bröderna Lejonhjärta*. Estocolmo: Rabén och Sjögren.
- Lindgren, A. (1973): *Los hermanos Corazón de León*. Trad. Lucio Salas. Barcelona: Juventud.
- Ocampo, Anxo. 2000. *Un achegamento á TIT no eido das traducións modernas da materia de Bretaña*. Tese de doutoramento. Vigo: Biblioteca Central da Universidade de Vigo.
- Oittinen, R. 1993. «I Am Me - I Am Other» en *Dialogics of Translating for Children*, I acta, ser. A, vol. 386. Tampere: University of Tampere.
- Pascua, I. (2001) (Inédito): *Evolución y tendencias actuales de la traducción de la LIJ*.
- Toury, G. (1995): *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company.
- White, M. (1992): «Children's Books from other Languages: a Study of Successful Translations» en *Journal of Youth Services in Libraries*, vol. 5, nº 3, p. 261-275.

Liliana Valado Fernández

ANEXO

